



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/03/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

Concelleiro ausente:

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día sete de febreiro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde. Faise constar que o Concelleiro Sr. Márquez Hermida disculpou oportunamente a súa asistencia.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día catro de febreiro do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

**SEGUNDO. ACORDOS SOBRE ADHESIÓN A CONVENIO PARA ACCESO DOS CIDADÁNS Á VERSIÓN ELECTRÓNICA DO B.O.E.**

Dase conta do Convenio Marco de Colaboración asinado o 18 de decembro de 2008 entre a Federación Española de Municipios e Provincias e a Axencia Estatal Boletín Oficial do



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Estado, para facilitar o acceso das administracións locais e dos cidadáns á edición electrónica do BOE, o que se considera de grande interese para os veciños deste Concello e perfectamente viable para o Concello, que xa ven prestando un servizo semellante ós cidadáns.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a sinatura do referido Convenio por parte deste Concello, facultando a tal finalidade ó Sr. Alcalde Presidente tan amplamente como sexa preciso.

### TERCEIRO. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 02/2009.

Dase conta polo Concelleiro de Facenda, Sr. Soto, da necesidade de aprobar unha modificación de crédito no presuposto do presente exercicio 2009, xa en vigor, para posibilitar a sinatura dun convenio cunha entidade sen ánimo de lucro, o Club Fútbol Sala San Sadurniño, que articule a súa colaboración co Concello no mantemento dos campos municipais de fútbol e na actividade das escolas deportivas municipais, con cesión de uso desas infraestructuras en favor do club de que se trata, e do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos n.º 02/2009, na modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distintos grupos de función, sen afectar a altas nin baixas de créditos de persoal, no que constan on informes necesarios.

O Sr. Bedoya interven brevemente para amosar o acordo do seu grupo coa proposta, na liña do que xa tiñan proposto con anterioridade, vistas as dificultades xurdidas para acadar un mantemento axeitado desas instalacións deportivas, preguntando se a proposta vaise facer extensiva a outras propiedades municipais, como as áreas recreativas. O Sr. Alcalde resposta que non, que se trata dunha iniciativa referida soamente ós campos de fútbol, que se pensa que aforrará cartos, que implicará máis na xestión ós usuarios principais deses campos, e que a empresa que viña facendo o traballo, a plena satisfacción do Concello, facilitou a adopción desta solución.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

No exercicio das atribucións conferidas polas bases de execución do vixente Presuposto en relación co artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e os artigos 43 a 46 do Real Decreto



500/1990, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 02/2009, do Presupuesto do 2009, na modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distintos grupos de función, sen afectar a altas nin baixas de créditos de persoal, de acordo co seguinte detalle:

**Altas en Partidas de Gastos**

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
4-48	33.500	15.000	48.500

**Baixas en Partidas de Gastos**

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Diminución	Consignación resultante
1-22	471.471	10.000	461.471
4-22	99.000	5.000	94.000

2º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, o seu exame e a presentación de reclamacións, especificando que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o expediente de que se trata.

**CUARTO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data do 11 de febreiro, pola que se ordeou a emisión de informe pola arquitecta municipal, coa brevidade posible, en relación cos trámites e documentos necesarios para a execución da sentenza recaída no procedemento ordinario 168/03, do Xulgado do contencioso administrativo único de Ferrol, nos seus aspectos técnicos e urbanísticos.

Dase conta tamén doutra Resolución, de data do 13 de febreiro, pola que se aproba o proxecto redactado polo enxeñeiro Ramón González Merino, para a realización da obra de "Sinalización direccional e de núcleos de poboación no Concello", cun importe total de execución por contrata de 125.434,78 €, IVE engadido, pertencente ó FEIL, e o expediente incoado para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da execución da obra de que se trata, e se aproba tamén o prego de cláusulas administrativas particulares para esta contratación redactado por Secretaría-Intervención e que obra no expediente.

O Corporación queda enterada do contido desas dúas resolucións.

**QUINTO. APROBACIÓN DE NORMATIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO NO 2009.**

Dase conta polo Sr. Varela da proposta de normativa de que se trata na área de cultura, que presenta soamente algunhas modificacións de detalle respecto ás normas vixentes no



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

2008, en aspectos como a baremación das solicitudes e as cantidades a asignar en cada apartado. O Sr. Soto, responsable da normativa na área de deporte, refírese tamén a pequenas actualizacións, das que destaca a incorporación como criterio de valoración das medidas tendentes á aplicación do plan de igualdade entre homes e mulleres que este Concello ten xa en vigor.

O Sr. Bedoya manifesta a conformidade do seu grupo co contido das bases de que se trata e co feito de que vaian introducindo melloras tras comprobar os resultados da súa aplicación no exercicio anterior, e solicita que se trate de axilizar o trámite de aboamento das subvencións de que se trata, cando sexan concedidas. O Sr. Varela di que a esa finalidade adiantase o prazo de xustificación, o que se espera permitirá esa axilización dos pagos.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar as normativas de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa posta en vigor e aplicación coa brevidade posible.

#### SEXTO. APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 17, REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta pola Sra. Muiño da proposta de modificación da Ordenanza Fiscal de que se trata, necesaria para a súa adaptación á Orde do 22 de xaneiro de 2009, da Vicepresidencia da igualdade e o benestar, pola que se regula o servizo de que se trata, publicada no DOGa nº 22, do 2 de febreiro último. A modificación proposta permitiría reducir o prezo do servizo para os dependentes, que reciben a prestación durante moitas horas ó mes, xa que se varían tanto a forma de calcular as rendas de cada unidade familiar como os importes a aportar polos usuarios en función dos seus niveis de renda.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo. Polo Secretario do Concello infórmase que a aprobación ou modificación de ordenanzas fiscais require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Sr. Bedoya di que pensa que o asunto debería quedar sobre a mesa para mellor estudo porque é posible que varíe próximamente o contido da Orde do 22/01/09, e porque o seu grupo tiña xa decidida a abstención neste punto.

A Sra. Muiño insiste en que do que se trata é de abaratar o servizo para tódolos usuarios, pero sobre todo para os dependentes, que deben soportar custes maiores polo



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

número de horas de prestación que reciben, polo que considera importante non dilatar máis a modificación proposta. O Sr. Bedoya resposta que a diferenza tampouco será moita, ademais de que están en desacordo coa baremación que se fai para o copago polos usuarios con rendas altas, que non supera o 65% en ningún caso. O Sr. Alcalde interven para dicir que sen o apoio do PP e estando ausente un concelleiro do grupo de goberno, o asunto deberá quedar sobre a mesa, pero que o perxuízo será para os usuarios, que poderían pagar algo menos polo servizo, e a modificación se sacará adiante tan pronto como sexa posible, aínda en contra do criterio do PP. O Sr. Bedoya di que non é culpa do seu grupo que non estea presente un concelleiro que tiña que apoiar a proposta, e que en moitos concellos aínda non se fixo a adaptación de que se trata, polo que lle parece que tampouco é tan urxente. O Sr. Alcalde resposta que cada concello ten a súa propia problemática e a súa propia normativa, e que o problema resolverase polo procedemento máis axeitado á legalidade.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda deixar sobre a mesa a aprobación da modificación de que se trata.

**URXENCIA.** Antes de pasar ó sétimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra a Sra. Muiño, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha declaración institucional sobre a celebración do día das mulleres, mañá, 8 de marzo.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

**URXENCIA-PRIMEIRO.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

A Sra. Muiño pasa a ler a moción de que se trata, que literalmente di:

"O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é unha data que as organizacións sociais comprometidas na defensa dos dereitos das mulleres, lembran cada ano para procurar marcar un paso adiante neste camiño.

Asemade esta data serve como homenaxe ás 129 mulleres que morreron nunha fábrica téxtil dos Estados Unidos en 1908, cando estaban facendo unha folga, en defensa dos seus dereitos como traballadoras, e o empresario prendeu lume aos locais da fábrica con elas dentro.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Nestes momentos de crise económica que está vivindo a nosa sociedade, a defensa dos dereitos laborais das mulleres faise imprescindíbel ante o fracaso das políticas económicas ultraliberais defensoras do mercado libre sen ningún control público, que afectan ao mercado laboral e que ameazan coa redución de postos de traballo que sen dúbida vai incidir de maneira particular sobre o emprego feminino, que adoita ser un emprego marcado pola precariedade e sen a cobertura suficiente ante o desemprego.

A feminización da pobreza, marcada no noso país por esta precariedade laboral que moitas mulleres padecen por non ter alternativas laborais de calidade, e a consecuente volta ao ámbito privado das mulleres que perdan o seu emprego, vai incidir inevitabelmente na súa autonomía persoal, ligada á económica, e vai supor un retroceso no proceso de construción da liberdade persoal e social das mulleres.

O lugar que asigna o patriarcado e o capitalismo ás mulleres é este, o do privado, porque xa lle ten dado bos rendementos económicos, mentres tanto prívase ás mulleres da autonomía persoal que é fundamental para a realización plena dos dereitos de cidadanía nunha sociedade democrática.

Nestes momentos o compromiso coa igualdade faise máis necesario, porque non é posíbel unha sociedade xusta se son conculcados os dereitos de cidadanía das mulleres.

Así o grupo de goberno asume como compromisos:

- promover accións que revertan na mellor formación e polo tanto mellor oportunidade para a incorporación ao mundo laboral do colectivo feminino de San Sadurniño
- promover accións que favorezan o recoñecemento social e a profesionalización dos traballos tradicionalmente femininos como son o do coidado aos maiores e a atención á infancia
- favorecer a formación e incorporación das mulleres a traballos desenvolvidos en sectores tradicionalmente masculinizados
- promover o empoderamento das mulleres deste concello
- apoiar a implicación da sociedade de San Sadurniño na promoción da igualdade de oportunidades."

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda a aprobación da moción de que se trata.

#### SÉTIMO- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya formula o rogo de que se realicen traballos de adecentamento, mantemento e pintura das gradas e vestiarios no polideportivo municipal, que presenta aspecto de abandono, respostándose polo Sr. Alcalde que esas actuacións, xa previstas, están á espera de que se reparen os desperfectos que sufriu o edificio tras o temporal do 23 de xaneiro, o que se fará en breve.

O seguinte rogo do Sr. Bedoya é relativo á posibilidade de instalar un paso de peóns xunto ó Pazo da Marquesa á altura do Café de Palacio, que xa o tiña antes da reparación da estrada AC-861 realizada recentemente, respostándose polo Sr. Alcalde que xa se fixeron



**San Sadurniño**

[www.sansadurnino.es](http://www.sansadurnino.es)

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

xestións nese sentido polo Concello, pero que parece que hai razóns técnicas relacionadas coa seguridade vial que o impiden, segundo informaron os técnicos do servizo provincial de estradas. Non obstante, tratarase de retomar esa solicitude diante da administración competente, que é a Xunta.

O Sr. Bedoya pregunta finalmente polos despachos ou locais para os grupos políticos, un tema xa repetido en preguntas e rogos anteriores, respostándosele polo Sr. Alcalde que se porán a disposición dos grupos cando sexa posible, e que é unha actuación para a que se vai solicitar axuda á Xunta neste exercicio, na convocatoria anual para reforma de casas consistoriais, porque ese espazo precisa algunhas obras de adaptación, e que será un local para compartir entre os diferentes grupos do xeito que se determine no seu momento.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vintedous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,